

CEIP XUVENCOS (BOBORÁS)



BOBORÁS: ARTE E NATUREZA

NÚMERO PROXECTO OU/264



VOZ NATURA

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- ENTORNO
- 3.- XUSTIFICACIÓN
- 4.- DESENROLO
- 5.- CONCLUSIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

A nosa participación en Voz Natura xa vai polo terceiro curso escolar con motivación e agrado co proxecto que temos iniciado: XUVE (nome da mascota do centro educativo).

A finalidade é seguir inculcándolle ao noso alumnado a mellora e o coidado do medio ambiente para conseguir que sexa limpo, ecolóxico e san, potenciando a reciclaxe (termo tan importante para esa mellora).

Así, no noso proxecto de "Boborás: arte e natureza", empezamos limpando o horto de todo o que estaba seco e, posteriormente, foi fresado para remover a terra e que estea en condicións axeitadas para plantar e sementar o que cada curso do centro elixiu.

Despois o diferente alumnado do centro, coa mediación de cada docente, encargouse de facerlle os correspondentes coidados de abonar e regar para a súa conservación.

O obxectivo final é ver medrar o que se plantou e recoller os froitos que se poidan lograr.

2. - ENTORNO

O Colexio atópase no Concello de Boborás, está ao Noroeste da capital da provincia (Ourense) a unha distancia de 42 Km, sendo a estrada de Ourense a Pontevedra a que atravesa o municipio, e é o principal acceso. Forma parte da Comarca do Carballiño, mantendo con el lazos comerciais e funcionais.

No colexio están matriculados no curso 2023-24 un total de 94 alumnos/as (22 de infantil e 72 de primaria) distribuídos en 8 aulas.

O alumnado procede dunha zona rural montañosa con moi pouca comunicación a nivel de transporte público, que dificulta ao alumnado o seu desenvolvemento integral o cal depende case na súa totalidade do feito no centro e nas actividades extraescolares que promove o Concello.

É unha zona vitivinícola e ten poboación dispersa con poucos habitantes por pobo. No sector traballo non existen industrias e a maior parte da man de obra está na construción e na agricultura.

Temos que dicir que o noso entorno préstase facilmente a poder incidir sobre a natureza directamente xa que estamos abicados nun entorno rural, entre o Ribeiro e o Paraño, regado polos ríos Avia, Arenteiro, Viñao...entre outros, de cores verdosas e no outono ocres e marróns, onde a natureza ten sons, ten vida, e a historia adiviñase e intúese en cada pedra, en cada monumento.

Realizamos saídas á contorna habitualmente: andainas, saída ao monte, plantar, recoller lixo,...

3.- XUSTIFICACIÓN

O noso proxecto seguimos levándoo a cabo nas zonas que xa tiñamos acondicionadas e escollidas, que están a vista de toda a comunidade educativa para dar continuidade aos hábitos de coidado e responsabilidades medioambientais.

Unha vez acondicionada a terra para a plantación, levamos a cabo os coidados de rego para acadar os froitos esperados e sen esquecer a colaboración das familias do alumnado e do Concello de Boborás.

Seguimos usando o composteiro recollendo, entre outras cousas, os restos das merendas do recreo do alumnado e tamén da hora do comedor escolar, encargándose o alumnado e levándoo ao composteiro para facer compost.

Os obxectivos que nos plantexamos son os seguintes:

- Respetar e coñecer a biodiversidade do que nos rodea, o entorno inmediato.
- Formar e concienciar a comunidade educativa na práctica dos tres RRR (redución, re-utilización e reciclaxe).
- Rematar a cadea de reciclaxe utilizando a compostaxe no horto ecolóxico.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades que nos plantexamos.

4. - ACTIVIDADES REALIZADAS

Todas as actividades realizáronse coa colaboración do profesorado implicado (titoras de 4º, 5º e 6º de infantil, titoras de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria), cociñeiras, coidadora, alumnado, familias e Concello de Boborás.

O noso alumnado atópase moi motivado na realización deste proxecto, sobre todo no acondicionamento de novos espazos con plantas no patio do colexio.

As actividades que destacamos son as que inciden directamente no entorno natural como por exemplo plantación de leitugas, pementos, amorodos, flores e plantas aromáticas. Tamén levamos a cabo recollida de pilas, de botellas, tapóns e envases de plástico, convivencia intercentros e outras actividades.

A valoración xeral do proxecto deste ano resultou moi positiva.

A continuación reflexamos varias das actividades que fixemos ao longo do curso.

RECOLLIDA DE FROITOS

En xuño, agosto, setembro e outubro continuamos coa recollida dos froitos plantados no mes de maio. A maioría usáronse no menú do comedor do colexio.










LIMPEZA DO HORTO

No mes de outubro arrancamos todo o que estaba seco e limpamos os bancais, para deixalos preparados para a seguinte plantación.







ALUMNADO DE 4º E 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Despois de observar a planta e as súas distintas partes (raíz, talo e follas, algunha incluso con flores) cada quen axeitou a terra coas ferramentas e plantou unha planta de amorodo, para rematar regando un pouco.





ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

O alumnado de 6º de educación infantil fixo a súa plantación no horto con plantas aromáticas, caracterizadas por desprender das súas follas un aroma intenso, suave e doce: menta, ourego e perexil.



Plantáronse en garrafas de plástico preparadas previamente e enterrándoas na terra tapándolle ben a raíz.



Participan activamente todos
os nenos e nenas do grupo
utilizando as ferramentas axeitadas.



Asegúranse de que, as plantas, queden ben enterradas e a raíz
perfectamente tapada e achegada coa terra.





Seguimos coa tarefa da rega para que cada planta teña a súa ración de auga necesaria.



Damos por rematada a nosa plantación das plantas aromáticas quedando moi satisfeitos do traballo que levamos a cabo.



Por último, recollemos as ferramentas, a regadeira e os demais utensílios que se utilizaron para levar a cabo esta tarefa e levamos o carretillo cargado ao seu lugar para a próxima actividade no horto.



1º EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado de primeiro plantou os seus tomates coa axuda de Tamara, a cociñeira, no bancal e despois puxéronlle unhas botellas de plástico para resgardalos do frío e das xeadas.







2º EDUCACIÓN PRIMARIA


O alumnado de segundo plantou calabacíns e berenxenas, ademais de facer un flipbook das plantas.










PARTES DUNHA PLANTA



Todas as plantas têm raiz, talo e folhas. Algumas plantas têm também flores e frutos.




QUE COMEMOS DAS PLANTAS?



3º EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado de terceiro plantou sandías e melóns na horta do colexio. Primeiro, buscamos información sobre os coidados que precisan estas plantas para medrar e dar os seus froitos. Logo, recolleemos o material de xardinaría e comezamos a facer os buratos.



A continuación, enterramos as plantas con moita ilusión e regámolas. Non nos chega a hora de degustar os froitos!!



5º EDUCACIÓN PRIMARIA


O alumnado de quinto de primaria plantou cebolas nos bancais, despois regounas.



Tamén arrancamos as malas herbas para previr a aparición de pragas ou enfermidades dos cultivos, despois regamos.



Colocamos un pluviómetro e un termómetro exterior para rexistrar nunha táboa as precipitacións e temperaturas máximas e mínimas mensuais.




TÁBOA DE RECOLLIDA DE DATOS DIARIOS ATMOSFÉRICOS

MES: _____ ANO: _____

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
Temperatura 08:30 horas																															
Temperatura 15:30 horas																															
Vento																															
Precipitacións																															
Cantidade de auga caída																															
Presión																															
Humidade																															

Precipitacións:   
 Chuvia neve sarabia

Por último, colocamos uns hoteis de insectos, tan importantes para favorecer a polinización das nosas plantas e cultivos, ter un control biolóxico das pragas e favorecer a fertilidade do solo.




6º EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado de 6º plantou leitugas e brócoli, repartimos o terreo do bancal, con coidado e agarimo fixemos os buraquiños para enterrar o cepellón, arrimámoslle a terra e apretamos coas nosas mans e regamos con coidado para que prenderan as raíces o mellor posible.



RECICLAXE DE BOTES DE VIDRO

O alumnado de 4º de educación primaria reciclou botes de vidro das súas casas, logo decoráronnos e convertéronos en floreiros, os cales levarán como agasallo o día da familia, 15 de maio.





MATERIAIS DE REFUGALLO

Durante o mes de xuño se utilizaron materiais de refugallo (caixas do peixe e da froita do comedor, restos de cartón, garrafas de líquidos de limpeza, botellas de plástico, tapas de plástico,...) para facer novas plantacións de flores na entrada do colexio.









NOVOS ESPAÇOS NO COLEXIO

No mes de outubro-novembro limpamos e plantamos bulbos de tulipáns, narcisos, xacintos e alliums.





A finais de febreiro empezaron a saír os bulbos que plantaramos no mes de novembro.



No mes de abril volvemos arrancar co alumnado de infantil todas as herbas que invadían o novo espazo e puxémoslle un valado de madeira para que non entrasen a estragalo.



Tamén acondicionamos o lugar onde está o depósito do gas e plantamos xirasois ananos e caravel de poeta en garrafas de xabón reutilizadas (cortámoslle a parte de arriba e fixémoslle buracos para que saíse a auga ao regalas).








As cociñeiras do comedor tamén se implicaron este curso coa plantación de cenorias. Primeiro plantaron as sementes e despois transplantáronas.



E tamén fixeron os seus experimentos cunha piña e cun aguacate.



Algumas fotos do estado actual dalgunhas plantas.







Baúl comprado para gardar todas as ferramentas do horto.

5.- CONCLUSIÓN

En xeral estamos moi contentos do traballo realizado neste curso. De todos modos, o profesorado implicado no proxecto coas súas correspondentes aulas fixo moitas actividades, algunhas non quedaron reflexadas nas fotos porque non se sacaron (aínda non temos moi interiorizado o de sacar fotos a todo o traballo que realizamos).

Tamén seguimos coa recollida de pilas e tapóns de plástico.

Neste curso seguimos a utilizar o composteiro, onde botamos os restos orgánicos do comedor do colexio, ademais dos restos das merendas do alumnado.

Coa compra do baúl agora temos gardada e recollida todas as ferramentas do horto, xa que antes non tiñamos sitio.

Creamos o blog do Horto de Xuve, onde subimos todo o que levamos a cabo durante o curso. Neste momento a plataforma onde creabamos os vídeos pechou e perdemos varios dos vídeos creados. Intentaremos actualizalo nas vindeiras semanas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenhoradexuencos/taxonomy/term/608>

Somos conscientes de que nos queda moito traballo por diante, pero temos moita ilusión e ganas para facelo.

DENDE O CEIP XUVENCOS QUEREMOS AGRADECER A TODAS AS FAMILIAS, CONCELLO, NEGOCIOS LOCAIS,... A SÚA COLABORACIÓN PARA QUE ESTE PROXECTO PUIDESE SER LEVADO ADIANTE.
MOITAS GRAZAS.